

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DO CONCELLO NA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 25 DE ABRIL DE 2016

1. APROBACIÓN DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.- Foron aprobados por unanimidade.
2. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMRACAS DE DEZA E TABELÓS-TERRA DE MONTES.- Foi aprobada pola maioría de sete votos a favor (grupos municipais do Partido Popular e mixto) e dúas abstencións (grupo municipal socialista).
3. CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA A REESTRUTURACIÓN E CAMBIO DE NOMES DO RUEIRO DO NÚCLEO DO LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO.- Aprobouse por unanimidade.
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á INSTAR A MODIFICACIÓN DA DT 4ª DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA.- Rexeitouse pola maioría de cinco votos en contra (grupo municipal do Partido Popular), catro a favor (grupo municipal socialista e Sr. Lamazares Casero) e unha abstención (Sr. Salgado González).
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- Aprobouse por unanimidade, previa modificación transaccional acordada entre todos os grupos municipais.
- MOCIÓN DE URXENCIA DO CONCELEIRO SR. LAMAZARES CASERO RELATIVA Á DEFENSA DUN SERVIZO POSTAL PÚBLICO DE CALIDADE DO NOSO CONCELLO.- Rexeitouse a urxencia, ao non acadarse o quórum legal, con cinco votos a favor (grupos municipais socialista e mixto) e cinco abstencións (grupo municipal do Partido Popular).
6. ROGOS E PREGUNTAS.- Formulan preguntas os concelleiros Sres. Vence Deza, Lamazares Casero e Salgado González.

